



Expediente IET: P-20-073
Proxecto: Parque Eólico As Penizas
Concello: Cerdedo-Cotobade, Forcarei (Pontevedra)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Por medio dun escrito de data 14/02/2020, que tivo entrada o 17/02/2020 no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Pontevedra, somete a informe o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto referido no encabezamento, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria, de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

1. Antecedentes:

Con data do 04/04/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe (daquela o órgano competente en materia de paisaxe) emitiu un informe sobre o parque eólico As Penizas, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

2. Marco legal:

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano substantivo debe consultar ás Administracións públicas afectadas, poñendo á súa disposición o estudo de impacto ambiental e a documentación do proxecto que se somete a avaliación. Conforme ao artigo 5 da Lei 21/2013, entre as Administracións afectadas atópanse as que teñen competencia específica en materia de paisaxe.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, este asume as competencias en materia de paisaxe, que se exercen de acordo coa Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Segundo o artigo 11.3 da Lei 7/2008, correspóndelle á consellería competente en materia de medio ambiente emitir o informe de impacto e integración paisaxística dentro dos procedementos de avaliación de impacto ambiental, informe que resultará integrado na correspondente declaración de impacto ambiental.

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos



que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O parque eólico As Penizas informado o 04/04/2012 difire, entre outros aspectos, no número de aeroxeneradores, altura e potencia nominal, do proxecto obxecto do presente informe. O actual proxecto consiste na construción dun parque eólico, de 33,6 MW, composto por 8 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,2 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 112 metros, e 136 metros de diámetro de rotor. O edificio de control terá unhas dimensións de 19,50 x 10 metros e unha altura máxima de 5,97 metros. A torre meteorolóxica, de celosía galvanizada e sección triangular, acadará unha altura de 98 metros. A lonxitude total dos camiños proxectados para o parque eólico é duns 3,9 quilómetros e terán unha anchura mínima de 5 metros.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP, no que se fai unha análise do estado actual da paisaxe de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, a calidade e a fragilidade visual, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais, identifícanse e valóranse os impactos (incluíndo unhas simulacións fotográficas) e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas.

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Rías Baixas, na comarca paisaxística Baixo Lérez.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose as máis próximas, a AEIP-07-33 Coto de Codeseda a uns 3 km ao norte, a AEIP-07-29 Serra do Candán e Montes do Testeiro a uns 6 km ao leste, e a AEIP-08-12 Serra do Cando a uns 4 km ao sur. O miradoiro de Pedrouzos sitúase a uns 2 km ao suroeste do parque, e máis lonxe aparecen os miradoiros de Alto das Quintas, a uns 4 km ao noroeste, e o miradoiro do Seixo a un 4 km ao sur. Respecto aos sendeiros e camiños cabe indicar que a uns 2,5 km ao leste discorre o PR-G 113 Rota das Pontes do Lérez. Durante o proceso de participación e exposición pública do Catálogo das paisaxes identificáronse varios lugares de especial interese paisaxístico na contorna do parque, o denominado “Eira dos Mouros, Castrelo”, nas proximidades do aeroxerador AE-02, e a “Torre de Alarma de Barciela” ao leste do AE-08. Ademais, segundo o Catálogo a área afectada polo proxecto encádrase nunha zona de visibilidade baixa e media.

O proxecto localízase nunha zona de monte de relevos suaves e pendentes moderadas no límite entre os concellos de Cerdedo-Cotobade e Forcarei. Os aeroxeradores distribúense en distintas elevacións que van conformando o cordal, denominadas Monte da Barcia (AE-01 e AE-02), Monte da Lagoa (AE-03 e subestación), A Seara (AE-04 e AE-05), e Pena Forcada (AE-06, AE-7 e AE-08). Nestes montes, orientados seguindo unha dirección N-S, predominan as plantacións forestais de piñeiro e as superficies de matogueira e rochedo. Nas áreas de val aparecen diseminados pequenos asentamentos de poboación (Tomonde, Vilalén, Loureiro, Valadelo, Liñares, A Mámoa, Coto Aciveiro ou O Vieiro) rodeándose dun mosaico de parcelas dedicadas a prados. As masas arbóreas de vexetación autóctona aparecen ligada aos bordos dos cursos fluviais e conformando sebes nos lindes dos predios. Próximo á zona de implantación do parque, polo norte, atópase a estrada provincial EP-





7001, que comunica A Estrada con Forcarei e da que parten outras vías de menor entidade que conectan os núcleos rurais como a PO-2201 e a PO-2003 pola cal se accede ao parque.

Os parques eólicos en funcionamento máis próximos ao proxecto sitúanse a uns 7 km ao leste e outros a uns 6 km ao sur. Ao norte, dentro da mesma área de desenvolvemento eólico, está en proxecto outro parque (PE Cabanelas) a uns 2 km, tal e como se reflicte no plano de sinerxias (14.1).

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP presentado inclúe todos os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, polo que formalmente pode considerarse completo, se ben varios dos seus apartados limitáanse a reproducir contidos do Catálogo das Paisaxes. A conclusión de que a calidade visual é media e que a fragilidade visual é media-baixa pode considerarse correcta.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores, se ben preséntanse cun moi baixo grao de resolución; tamén se inclúe un plano da cunca visual para o conxunto do parque que se ben pode considerarse adecuada a distancia de 15 km empregada para o cálculo, a lectura do plano resulta dificultosa debido á gama de cor empregada. Ademais calcúlase o grao de visibilidade, en función da distancia e o número de aeroxeradores visibles, o que ofrece un plano específico deste indicador, e valórase a incidencia ou impacto visual sobre núcleos de poboación, vías de comunicación e elementos culturais. Con todo, conclúese que a afección visual do conxunto do parque será baixa. O estudo complétase con fotografías e infografías nas que se amosa a visibilidade do parque desde as poboacións máis próximas. Respecto ás infografías cabe indicar que non resultan axeitadas para valorar o impacto visual dos aeroxeradores, sendo máis apropiado a utilización de fotografías reais tomadas en campo dende os núcleos de poboación que rodean o parque.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores dispostos seguindo os cumios dun cordal, o que lle confire unha elevada visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a miradoiros, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo.

Os principais impactos visuais do parque virán derivados da distancia aos núcleos de poboación posto que existen distintos asentamentos localizados a menos dun quilómetro das infraestruturas do parque, como son os de Tomonde, Loureiro, O Vieiro, Coto Aciveiro, Valadelo, Liñares ou A Mámoa.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (trazado dos camiños, localización dos aeroxeradores evitando unha disposición lineal dos mesmos), na adecuación do acabado externo da subestación ás construcións tradicionais da zona e onde se prevé, segundo o plan de restauración, a plantación dunha pantalla arbórea de piñeiros para reducir a visibilidade, e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados polo proxecto.

Tales medidas pódense considerar adecuadas para reducir os impactos do proxecto, se ben para asegurar unha mellor integración paisaxística recoméndanse as seguintes:

- No caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas con



especies autóctonas nas proximidades dos núcleos, de consenso cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

- Deberanse aproveitar ao máximo os camiños xa existentes co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra. Cabe indicar que entre os aeroxeradores AE-03 e AE-05, existen pistas que se deberían aproveitar, ou no seu caso acondicionarse, agás que se xustifique a inviabilidade desta solución.
- Na mellora do firme de vías e accesos utilizaranse, sempre que sexa posible, materiais que non supoñan un contraste coas gamas cromáticas, adaptándose á topografía do terreo, seguindo aqueles tramos con menor pendente e procurando reducir as alteracións no sistema hidrolóxico e de drenaxe superficial, evitando a modificación de cursos naturais de auga. O viario dotarase da anchura mínima necesaria e de firmes flexibles, de tipo macádám ou similares, evitándose con carácter xeral os firmes ríxidos de formigón ou os semiflexibles de asfalto. Procurarase que tanto o viario de acceso ao parque como o interior teñan a menor pendente posible, contemplando as medidas necesarias para evitar a erosión naqueles tramos cuxa pendente sexa maior e dispoñendo de cunetas, drenaxes e asegurando un mantemento axeitado.
- Para asegurar unha adecuada integración paisaxística do edificio de control, deberase ter en consideración a Guía de cor e materiais dispoñible na páxina web da Xunta de Galicia.

6. Conclusión:

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, se ben deben adoptarse os criterios e recomendacións de integración paisaxística que se expresaron no apartado 5 anterior.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Guillermo Evia Pérez

(Documento asinado electronicamente)

